

# 5



## Ollos abertos

### Ás veces portámonos mal cos amigos

Seguramente algunha vez nos sucedeu algo semellante a isto: algún amigo, ao que queriamos, abandonáanos, pórtase mal connosco, deixa de ser o noso amigo.

#### Historias de (falsa) amizade

“Deixoume plantado e foise xogar con outros. Eu sempre o acompañei e agora trátame así. É inxusto, porque eu non merecía isto.”

“Estiven enferma e non me veu ver nin me chamou por teléfono. ¡Cantas veces a fun ver eu e pasei tardes enteiras na súa casa, cando ela non podía saír! .”

“Regaláronlle unha raqueta de tenis e a min encantárame xogar con el. Pedinlla, pero non ma deixou... ¡E pensar que eu lle deixaba sempre todas as miñas cousas!.”

“Castigáronme por culpa súa; foi ela a que riscou o pupitre e dixo que fora eu. Iso non se fai con ninguén e menos cunha amiga íntima.”

“Insultoume, chamoume os alcumes que máis me ofenden. Parece que só me quería facer sufrir e que o pasaba ben vén-dome chorar.”



- ▶ Le con atención estes testemuños:
- ¿Cal che parece máis doloroso?



## Mirada penetrante

### Dóenos o abandono dos amigos

Dóenos moito a ofensa dun amigo. Nós queremoslle ben e despois resulta que nos responde mal, non nos trata como a un amigo.

■ Ante a ofensa dun amigo, a xente reacciona.

**Así responde Laura**

“Merecería non ter nunca amigos, que o deixasen só.

Debían facerlle o mesmo, para que se decatase do que sofren os demais con el.

Non lle falarei nunca máis nin lle axudarei, aínda que o necesite moito.”

**Así responde Manuel**

“Eu quero moito ao meu amigo.

Dáme pena perder a amizade con el: fíxome sufrir, pero creo que non o fixo a propósito.

Perdóolle, aínda que me custe, e ofrézolle de novo a miña amizade coma se nada pasase.”

► Fíxate nas respostas de Laura e de Manuel

¿Por que actúa Laura así?	¿Por que actúa Manuel así?

► ¿Cal che parece o mellor xeito de responder á ofensa dun amigo? ¿Por que?




**Oídos atentos**

**Deus é fiel á Alianza**

O pobo de Israel non foi fiel á Alianza que fixera con Deus, pero Deus sempre se mantivo fiel e anunciou unha nova Alianza.



A pesar de quererlle tanto Deus ao seu pobo, este non lle foi fiel. Rompeu o pacto que establecera con Deus.



- 
- Aínda que eles esqueceron a Deus, El non os esquecía e invitáboas a volver a El e seren de novo os seus amigos. Anuncioulles que faría con eles unha nova Alianza.





- *Pactarei con eles unha alianza eterna, non me apartarei deles para lles facer ben e porei o meu respecto no seu corazón, de xeito que non se aparten da miña presenza. Alegrareime facéndolles ben.*

(Xer 32,40-41)

► Esa estrela luminosa é como a voz de Deus que promete seguir quedando ao seu pobo.

- Escribe na estrela a frase que máis che gusta dos textos anteriores.



## Memoria esperta

### Un Deus fiel e misericordioso

Nunca debemos esquecer que Deus, a pesar de que ás veces o abandonamos, é un Deus fiel e misericordioso.

A Igrexa recórdanolo para que o gardemos sempre na nosa memoria.

- ¿Como se comportou Deus co Pobo infiel á Alianza?
- ¿Por que dicimos que Deus é misericordioso?
- ¿Foi fiel Israel á Alianza con Deus?



## Mans activas

### Ser fieis aos amigos

Deus é fiel á súa Alianza. É un amigo verdadeiro. El quere que, así como El foi fiel, tamén nós lle sexamos fieis a El e aos amigos.

#### ■ O amigo fiel

- 1 Quéreo e fai o que lle agrada para que estea contento.
- 2 Está disposto a acompañalo, a axudarlle cando o necesita, aínda que lle custe.
- 3 Cumpre as promesas feitas e a palabra dada.
- 4 Garda os segredos do seu amigo.
- 5 Non descobre os seus defectos nin comenta con outros os seus fallos.
- 6 Deféndeo cando o critican ou o acusan.
- 7 Escóitao cando necesita contar os seus problemas.
- 8 Descúlpao, perdóao e ten paciencia con el.
- 9 É sincero con el e dille sempre a verdade.
- 10 Fíase del e cre na súa palabra.



► Fíxate nas calidades do bo amigo ou amiga.

- ¿Cales son as tres calidades máis importantes?
- ¿Cales son as tres máis difíciles de vivir?

► Completa esta táboa:

- Pon as vogais que faltan en cada palabra.
- Ao final terás o que fai o verdadeiro amigo.

	X		D				
Q			R				
P		R	D				
	S	C			T		
D		F		N	D		
D		S	C		L	P	
	C		M	P		Ñ	
C		M	P	R		N	D

► ¿Portámonos así nós cos amigos?

► Deus compórtase connosco como un auténtico amigo:

- ¿Que teríamos que facer para responder á súa amizade?